

Contesta ás seguintes cuestións:

**1. Que bens necesitamos as persoas para sobrevivir?**

As persoas necesitamos para sobrevivir bens que non podemos conseguir por nós mesmos como son a comida para alimentarnos e a roupa entre outras cousas.

**2. Como podemos obter os bens que necesitamos para sobrevivir?**

Podemos obtelos grazas ao traballo.

**3. En que dous grandes grupos podemos dividir a poboación?**

A poboación podémola dividir en:

- ✚ Poboación activa.
- ✚ Poboación inactiva.




**4. Que entendiches por poboación activa?**

A poboación activa é a que está formada por todas as persoas que traballan e reciben un soldo a cambio. A estas tamén temos que sumarlle as persoas que non teñen un emprego pero que o buscan, de aí que neste grupo se inclúan os parados.

**5. E a poboación inactiva?**

A poboación inactiva é a que está formada polas persoas que non poden traballar ou que non cobran un soldo polas súas actividades. Dentro deste grupo incluimos aos nenos e nenas, xubilados e xubiladas, estudantes e amas e amos de casa.



**Moito ánimo que o estades a facer moi ben!**

**Pronto volverá todo a normalidade e verémonos nas aulas!**

**Traballade todos os días un pouco! Mándovos un bico e unha aperta!**